

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 3 DE SETEMBRO DE 2019

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día tres de setembro de dous mil dezanove, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: Juan González Leirós, dona Lúa Sanguineo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona M^a del Juncal Capín Fonseca.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, dos borradores das actas das sesións ordinaria de data 27 de agosto de 2019 e extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 29 de agosto de 2019

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 27 de agosto de 2019 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de data 29 de agosto de 2019 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Escrito de don Raúl Varela Fraguio, en representación de dona Sandra Sánchez Vieites, concelleira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, rexistrado de entrada o día 2 de setembro

de 2019 co número 999/1336, no que comunica que dona Sandra Sánchez Vieites estará ausente do termo municipal do día 6 ao 17 de setembro de 2019.

3º Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 23 ao 29 de agosto do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 1707/2019 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Servizos e Seguridade Cidadá número 1757/2019, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1707/2019	23-08-2019	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Voceiros do día 28 de agosto de 2019, con carácter supletorio da correspondente ao día 19 de agosto de 2019
1708/2019	23-08-2019	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 27 de agosto de 2019
1709/2019	23-08-2019	Aprobación segunda achega convenio anpa Brexo-Lema curso 2018-2019
1710/2019	23-08-2019	Documentación 2 achega convenio actividades extraescolares 2018/19- anpa Fendetestas do CEIP Wenceslao
1711/2019	23-08-2019	2º achega do convenio de actividades extraescolares curso 2018/2019- anpa Gonzalo Torrente Ballester Sigrás
1712/2019	23-08-2019	Contratación servizos electricos con grupo electrógeno. CANTOS DO DEMO
1713/2019	23-08-2019	Recoñecemento de obrigas correspondente á segunda achega do convenio de colaboración entre o concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais A Curuxa do CEIP Portofaro, para o desenvolvemento de actividades extraescolares no centro durante o curso 2018-2019, así como posterior pagamento
1714/2019	23-08-2019	Recoñecemento de obrigas correspondente á segunda achega do convenio de colaboración entre o concello de Cambre e a ANPA Mencer do CEIP Graxal, para o desenvolvemento de actividades extraescolares no centro durante o curso 2018/2019, así como posterior pagamento.
1715/2019	23-08-2019	Aprobación das liquidacións do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de xuño de 2019.
1716/2019	23-08-2019	Contratación do grupo Habelas Hainas para evento CANTOS DO DEMO
1717/2019	23-08-2019	Orde de execución por caída de cascotes en fachada de edificio sito en rúa Graduil, Cambre
1718/2019	23-08-2019	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 30.556,62 euros



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1719/2019	23-08-2019	CM : Axenda de verán : Luz e son agosto
1720/2019	23-08-2019	Licenza de construción para dúas vivendas unifamiliares pareadas en Roncesvalles
1721/2019	23-08-2019	Facturas con reparos
1722/2019	23-08-2019	Contrato menor para a contratación da actuación en tarima existente no centro social xuvenil na Casa Arrigada en Cambre
1723/2019	23-08-2019	Contratación do servizo de aluguer de escenario, luces e son. CANTOS DO DEMO
1724/2019	23-08-2019	Licenza para dividir a finca sita en Sixto de 970,62 m ² en dúas parcelas de 882,72 e 87,90 para posterior cesión ao Concello
1725/2019	23-08-2019	Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de xullo de 2019, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de agosto de 2019
1726/2019	23-08-2019	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela colindante á sita en Retiro, Meixigo, Cambre. Propiedade: ILB, S.L.
1727/2019	26-08-2019	Licenza de segregación de finca sita na Cabana-Anceis para posterior cesión ao concello. Solicitante: JCGP
1728/2019	26-08-2019	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 29 de agosto de 2019, con carácter supletorio da correspondente ao día 22 de agosto de 2019
1729/2019	26-08-2019	CM para as rutas 145, 146 e 147 do programa Vente de Marcha
1730/2019	26-08-2019	Contratación grupo folk galego Chámalle Xis. CANTOS DO DEMO
1731/2019	27-08-2019	CM para subministración de sinalización do evento
1732/2019	27-08-2019	CM para contratación da seguridade nocturna do evento Open Science Cambre 2019
1733/2019	27-08-2019	CM para contratación do servizo de son para evento Open Science Cambre 2019
1734/2019	27-08-2019	CM para subministración de elementos de identificación dos postos, dos membros do staff e dos participantes do evento OSC 2019
1735/2019	27-08-2019	CM para contratación dos baños hixiénicos para dar cobertura ó evento Open Science Cambre 2019
1736/2019	27-08-2019	CM da elaboración da memoria técnica do evento Open Science Cambre 2019 con nomeamento de dirección de execución para a montaxe temporal
1737/2019	27-08-2019	CM para contratación do servizo de aluguer da carpa domo para Open Science Cambre 2019
1738/2019	27-08-2019	CM para contratación do servizo de comidas augas e café para os participantes da Open Science Cambre 2019
1739/2019	27-08-2019	CM para contratación do servizo de aluguer dun piano para evento Open Science Cambre 2019

1740/2019	27-08-2019	CM para contratación dos espectáculos de ciencia do evento Open Science Cambre 2019
1741/2019	27-08-2019	CM para subministración de artigos de decoración para carpa domo
1742/2019	27-08-2019	Facturas con reparos non supensivos Expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos num.29 A.
1743/2019	27-08-2019	Contrato menor a Paula Veira Porto (LIBRERÍA LUME) Adquisición libros
1744/2019	27-08-2019	Celebración voda civil de USY e CPR o 30 de agosto ás 12,30 horas
1745/2019	27-08-2019	Renuncia axuda recibo luz de MCJS
1746/2019	28-08-2019	Orde de execución por vertidos de residuos e restos de construción en antiga cementeira La Estrella, sita en Espírito Santo, Cecebre, Cambre. Propiedade: IdelN, S.L.
1747/2019	28-08-2019	Acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela colindante á sita en Pombo, Pravio. Propiedade: ALM
1748/2019	28-08-2019	Comunicación previa para reforma da cuberta da vivenda unifamiliar sita na Xira, Sigrás. Solicitante: M ^a DSF
1749/2019	29-08-2019	Aprob Xustif 2 ^a Sementeira 2018
1750/2019	29-08-2019	Expediente de transferencia de crédito núm. 4/2019. Aplicacións área de gasto 1
1751/2019	29-08-2019	Convocatoria sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 29 de agosto de 2019
1752/2019	29-08-2019	Contratación do curso monitor de Actividades de Tempo Libre
1753/2019	29-08-2019	CM: Cultura no Camiño : Aldaolado
1754/2019	29-08-2019	Aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos para a selección interina dun encargado de obras e elaboración de lista de reserva
1755/2019	29-08-2019	Expediente de transferencia de crédito núm. 5/2019. Inversións de iluminación
1756/2019	29-08-2019	Expediente de reposición da legalidade urbanística por uso de local para exercicio de actividade sen licenza municipal en local denominado Garimbas II sito en Paseo Marítimo, O Temple, Cambre. Propiedade: RPFAL
1757/2019	29-08-2019	Licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos. Solicitante: RLG

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta en relación co seguinte asunto:

- Único: Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, Plan de Xestión de Residuos e Plan de Obra, presentados pola empresa *Jardinería Arce, S.L.* adxudicataria da obra "Ampliación

do saneamento en Nebrix (Bribes)", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 1/2018 por maior achega provincial. Expediente: 2018/C003/000026

sendo aprobada a urxencia da totalidade da proposta por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

Único: Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, Plan de Xestión de Residuos e Plan de Obra, presentados pola empresa *Jardinería Arce, S.L.* adxudicataria da obra "Ampliación do saneamento en Nebrix (Bribes)", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 1/2018 por maior achega provincial. Expediente: 2018/C003/000026

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 30 de agosto de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto o expediente de contratación incoado co número 2018/C003/000026 para a contratación por procedemento aberto simplificado da obra "Ampliación do saneamento en Nebrix (Bribes)", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 1/2018 por maior achega provincial.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 12 de xullo de 2019 polo que se adxudicou a obra á empresa *Jardinería Arce, S.L.* asinándose o correspondente contrato o día 18 de xullo de 2019.

Visto o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa adxudicataria *Jardinería Arce, S.L.* con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 20 de agosto de 2019 y número 201999900001275, ao que achega o informe favorable emitido por don Francisco Jesús Cobas Fernández, da entidade Gallega de Coordinacións, S.L. coordinadora da seguridade e saúde da obra por Resolución de Alcaldía nº 2636/2018 de 20 de decembro, expediente de contrato menor nº 2018/C002/000462.

Visto o Plan de xestión de residuos presentado pola empresa adxudicataria *Jardinería Arce, S.L.* co rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 28 de agosto de 2019 e número 201999900001304.

Visto o programa de traballo presentado pola empresa adxudicataria *Jardinería Arce, S.L.* co rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 28 de agosto de 2019 e número 201999900001304.

Vistos os informes favorables emitidos con data 28 de agosto de 2019 pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, directora da obra e responsable do contrato.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, así

como o disposto na cláusula 18.3 do prego de Cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente de contratación.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa *Jardinería Arce, S.L.*, para a execución da obra denominada “Ampliación do saneamento en Nebrix (Bribes)”, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 1/2018 por maior achega provincial. Expte 2018/C003/000026

Segundo: Aprobar o plan de xestión de residuos presentado pola empresa *Jardinería Arce, S.L.*, para a execución da obra denominada “Ampliación do saneamento en Nebrix (Bribes)”, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 1/2018 por maior achega provincial. Expte 2018/C003/000026

Terceiro: Aprobar o programa de traballo presentado pola empresa *Jardinería Arce, S.L.*, para a execución da obra denominada “Ampliación do saneamento en Nebrix (Bribes)”, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 1/2018 por maior achega provincial. Expte 2018/C003/000026

Cuarto: Notificar este acordo á empresa *Jardinería Arce, S.L.* e a don Francisco Jesús Cobas Fernández, da entidade *Gallega de Coordinacións, S.L.* coordinadora da seguridade e saúde da obra, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnaló directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Quinto: Notifíquese á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e dez minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

M^a del Juncal Capín Fonseca